Valdoviño

ANUNCIO

ASUNTO: CRITERIOS DE PREFERENCIA PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA TEMPADA 2020.

Por resolución de alcaldía de data 19/12/2019 e número 542/2019 adoptouse o seguinte acordo:

"RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA

Valdoviño conta cunha ordenanza reguladora de uso das praias na que segundo o artigo 7 a realización de calquera tipo de actividade deberá dispor da preceptiva autorización municipal.

As actividades deportivas na praia, coma a práctica dos deportes acuáticos, vincúlase á necesidade de manter a seguridade así coma garantir o uso libre e gratuíto.

Nos últimos anos o desenvolvemento dos deportes vinculados á praia, en especial o surf, teñen unha forte repercusión e incidencia nas nosas praias

Porén o Concello de Valdoviño debe de regular a ocupación da propia praia para que a incidencia sobre o baño libre e a seguridade sexan ás máis axeitadas.

A autorización emitida polo Concello de Valdoviño para as actividades formativas da disciplina deportiva do surf na tempada 2020, será independente da obtención de calquera outra autorización de outros organímos ou Administracións que foran esixibles por razón da actividade.

Co fin de garantir un uso seguro e pacífico da praia, limítase a concesión destas autorizacións para entidades durante a tempada 2020 a un número máximo de 8 na Praia de Pantín, no caso de recibirse excesivas solicitudes tendo en conta a seguridade e dimensións de cada unha das praias o concello poderá extender ditos criterios ós areais necesarios.

CRITERIOS DE PREFERENCIA PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS (MÁX.200 PUNTOS)

-Criterio de arraigo, (155 PUNTOS) que consiste nun vínculo preexistente entre a entidade e o municipio de Valdoviño. O arraigo entendese determinado polo desenrolo pasado da actividade de ensino ou escola de surf nunha ou varias praias de Valdoviño, existindo constancia de que ditas entidades non son unha iniciativa actual e si unha tradición no concello e que gracias a ela o concello acada a dimensión actual no mundo do surf. Dito arraigo deberá acreditarse por parte de cada solicitante no momento no que se solicite polo Concello e antes da resolución das autorizacións.

Poderán aportarse ao efecto licencias ou autorizacións, solicitudes ou instancias administrativas

1. Ter instalación da actividade de xeito permanente no Concello de Valdoviño.45 PUNTOS
2. Manter colaboración coas actividades do Concello de Valdoviño.40 PUNTOS
3. Dadas as características das nosas praias contar con monitores con experiencia en salvamento acuático nas praias de Valdoviño.20 PUNTOS
4. Ter experiencia ininterrompida na actividade nas praias do Concello de Valdoviño por un periódo mínimo de 4 anos, que poderá acreditarse ao efecto mediante licencias ou autorizacións, solicitudes ou instancias administrativas. 50 PUNTOS

-**Meses de prestación**.- Tendo en conta que se establece un mínimo de prestación de 2 meses de actividade (os de xullo e agosto), así como que existe a posibilidade de solicitar facer a prestación durante outros 9 meses (febreiro, marzo, abril, maio, xuño, setembro, outubro, novembro e decembro), e considerando o feito de que a realización da actividade considerase positiva dende o punto de vista municipal dado que é un servizo que dota de valores engadidos ás praias, outorgarase 5 puntos por cada mes de actividade que sexan solictados, a partir do 3º mes de prestación, obtendo polo tanto un máximo de 45 puntos neste apartado."

Valdoviño,23 de decembro de 2019
O Alcalde,
Asdo:Alberto González Fernández